

1

**APERTURA DE PRAZOS, PROCEDEMENTOS E
NORMAS DE MATRÍCULACIÓN NA ESCOLA
MUNICIPAL DE MÚSICA E DANZA DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA PARA O CURSO 2014/15**

Aprobados na Xunta de Goberno Local na sesión do 20 de marzo de 2014

Prazos:

Alumnado actual do centro	
Renovación de praza	do 1 de ao 11 de abril
Exposición pública prazas vacantes 1ª convocatoria	30 de abril
Solicitudes de novo alumnado (1ª convocatoria)	
Período de pre-inscripción	do 2 ao 20 de maio
No caso de haber máis solicitudes que prazas realizarase un sorteo público	26 de maio
Exposición pública listas provisionais de admitidos 1ª convocatoria	27 de maio
Período de reclamacións	10 días naturais dende a publicación de admitidos provisionais
Exposición pública da relación definitiva de admitidos	6 de xuño
Matrícula para os admitidos	do 9 ao 20 de xuño
Exposición pública de prazas vacantes para a 2ª convocatoria (se é o caso)	30 de xuño
Solicitudes - novo alumnado (2ª convocatoria), se hai prazas vacantes (cubriranse por rigurosa orde de inscripción)	
Matrícula directa	do 1 ao 31 de xullo
Solicitudes - novo alumnado (2ª convocatoria), se hai prazas vacantes (cubriranse por rigurosa orde de inscripción)	
Matrícula directa	do 1 ao 30 de setembro

APERTURA DE PRAZOS, PROCEDEMENTOS E NORMAS DE MATRÍCULACIÓN NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E DANZA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O CURSO 2014/15

Aprobados na Xunta de Goberno Local na sesión do 20 de marzo de 2014

O procedemento é o seguinte:

- A dirección da EMMSC elaborará un listado de prazas ofertadas en cada unha das especialidades.
- O/a interesado/a entregará a solicitude na Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela (EMMSC), en horario de mañá, de 11 horas a 14 horas (de luns a venres) e de tarde de 16 horas a 19 horas (mércores, xoves e venres).
- Os prazos de matrícula son:
 - Alumnado actual do centro: do 1 de ao 11 de abril
 - Novo alumnado 1^a convocatoria: do 9 ao 20 de xuño
 - Novo alumnado 2^a convocatoria: do 1 ao 31 de xullo
 - Novo alumnado 3^a convocatoria: do 1 ao 30 de setembro

De non formalizarse a matrícula nesas datas decaerá o dereito á praza obtida (aínda constando o alumno/a na relación definitiva de admitidos) e, terase por desistido da solicitude, arquivándose o expediente e non figurando nas listas de agarda.

- A EMMSC rexistrará todas as solicitudes con indicación da data de entrada, o número de rexistro e o nome do solicitante. Entregarase unha copia á persoa solicitante.
- A dirección da escola, mediante escrito, enviará ao Departamento de Educación, unha vez rematado o prazo de admisión de novas solicitudes, un listado coa relación de solicitudes entregadas dentro e fóra de prazo (se é o caso), indicando nome, DNI, data de rexistro, número de entrada e primeira opción de especialidade que solicita.
- As relacións achegadas ao Departamento de Educación, rexistraránse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago.
- A dirección de EMMSC elaborará un listado de solicitantes que non teñen praza, por ter solicitado especialidades nas que o número de prazas ofertadas é menor que a demanda. A admisión deste alumnado realizarase por sorteo público. Expoñeranse as listas de alumnos/as admitidos nos diferentes Plans de Estudo e/ou especialidades instrumentais e, no seu caso, a lista de agarda, no taboleiro de anuncios e na páxina web da Escola Municipal de Música www.esmucompostela.es

APERTURA DE PRAZOS, PROCEDEMENTOS E NORMAS DE MATRÍCULACIÓN NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E DANZA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O CURSO 2014/15

3

Aprobados na Xunta de Goberno Local na sesión do 20 de marzo de 2014

Documentación que cómpre achegar:

1. Impreso matrícula debidamente cuberto.
2. Certificado de empadroamento no concello de Santiago (só para os novos alumnos/as). Este dato será comprobado de oficio polo Departamento de Educación co Padrón municipal.
3. Aquela documentación que a Ordenanza de Prezos Públicos, indique como necesaria para beneficiarse das bonificacións ou exencións que se establezan.
4. Informe médico no que conste que non padece enfermidade infecto-contaxiosa e no que se indiquen as alerxías, en caso de existiren, ou outras circunstancias que se consideren (formulario a cumplimentar polos pais, facilitado pola propia Escola).
5. Fotocopia do DNI ou folla do libro de familia onde aparezca o alumno/a.
6. Xustificante bancario de ter satisfeito as taxas de matrícula na conta bancaria, se non se está exento do pago:
NOVAGALICIA BANCO 2080 5027 25 3040013618

Normas xerais:

- Nas novas matrículas teñen prioridade os empadroados en Santiago de Compostela.
- O pagamento realizarase por meses anticipados dentro dos 8 primeiros días de cada mes. A falta de pagamento dunha mensualidade implicará a baixa automática na escola.
- No suposto de que con posterioridade á presentación da solicitude, e antes do primeiro día de clase, os solicitantes desistisen do servizo solicitado, procederase á devolución de oficio do importe aboad.
- As solicitudes de baixa deberán ser presentadas sempre por escrito e antes do 25 de cada mes. De non ser así cargarase o recibo correspondente ao mes seguinte.
- Ás clases só poderán asistir aqueles/as alumnos /as inscritos/as na Escola, que teñan aboados os importes correspondentes ás taxas de matrícula e ás mensualidades nos prazos establecidos. Os usuarios que non teñan pagado as cotas correspondentes serán dados de baixa automáticamente.
- As clases impartiranse nas instalacións da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela durante o curso escolar respectando os períodos vacacionais establecidos pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia.
- A asistencia ás clases e o rendemento académico debe ser regular. En caso de ausencias inxustificadas (como máximo 3 por trimestre/materia), baixo rendemento, ou incumprimento das normas que regula o Proxecto educativo do Centro, o equipo directivo e/ou a Comisión de Coordinación Pedagólica tomará as

APERTURA DE PRAZOS, PROCEDEMENTOS E NORMAS DE MATRÍCULACIÓN NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E DANZA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O CURSO 2014/15

Aprobados na Xunta de Goberno Local na sesión do 20 de marzo de 2014

medidas oportunas, incluso a baixa no centro, logo do acordo co Departamento de Educación do Concello de Santiago.

- A Estructura e o Plan de estudos do centro fai necesaria a flexibilidade nos horarios por parte do alumnado (reestruturación de grupos, promoción dos niveis de ensino, audicións colectivas,...), conceptos polo que poderán ser modificados ao longo do curso.
- En calqueira caso, a preferencia por un horario e/ou profesor/a non é undereito.
- Só se poderá cambiar de especialidade instrumental por motivos xustificados e por pedimento do interesado/a, logo do informe do profesor/a e este deberá ser aprobado pola Comisión de Coordinación do Centro.
- Cando un alumno/a non poida acudir a clase, prégase sempre que sexa posible, que se avise ao centro con antelación.
- No caso de querer falar co equipo directivo deberán respectarse os horarios de atención ao público expostos no taboleiro de anuncios.
- A sinatura do documento de matrícula, implica a aceptación das normas xerais da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela por parte do alumnado do centro.

Prezos públicos:

De acordo coa Ordenanza 4.30. *Prezo público pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música- Modificación aprobada por acordo do Pleno da Corporación o día 31 de outubro de 2012. Publicada no BOP da Coruña de 31 de decembro de 2012*

- **Matrícula:** 59,50 €

- **Cuotas mensuais:**

Música e Movemento: 35,65 €

Especialidade instrumental (curso completo) PEX ou PEPA: 53,50 €

Práctica instrumental + actividades instrumentais de conxunto: 42,80 €

Formación musical complementaria a práctica instrumental: 35,65 €

As ensinanzas que se imparten son:

- **Escola infantil de música 3-7 anos:**

Escola infantil de música: 3 anos

Música e Movemento I: 4 anos

Música e Movemento II: 5 anos

Iniciación á linguaxe musical I: 6 anos

Iniciación á linguaxe musical II: 7 anos

- **Plan de Estudos Xeral (PEX).** Destinado aos alumnos/as de idades comprendidas entre os 4 e os 15 anos. Divídese en:

Educación infantil. Música e Movemento (nenos/as de 3 a 7 anos).

5

APERTURA DE PRAZOS, PROCEDEMENTOS E NORMAS DE MATRÍCULACIÓN NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E DANZA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O CURSO 2014/15

Aprobados na Xunta de Goberno Local na sesión do 20 de marzo de 2014

Ensino instrumental (de 8 a 15 anos). Dividido en dous niveis: Nivel I (Elemental) e Nivel II (Avanzado).

Danza

- **Plan de estudios para adultos (PEPA).** Destinado aos alumnos/as maiores de 16 anos.
Ensino instrumental. Dividido en dous niveis: Nivel I (Elemental) e Nivel II (Avanzado).
Danza. Divido en dous niveis: Nivel I (Elemental) e Nivel II (Avanzado)
- **Plan de Acceso ao Conservatorio (PACO).** Orientado aos alumnos/as que teñan interese e aptitudes para acceder a estudos profesionais. Será necesario ter cursado un mínimo de catro anos na Escola Municipal de Música para acceder a dito Plan.
- **Práctica Instrumental:** Instrumento (Violín, Viola, Violonchelo, Contrabaixo, Guitarra, Guitarra eléctrica, Baixo eléctrico, Frauta, Clarinete, Gaita, Percusión, Piano, Saxofón, Trompeta, Acordeón, Trombón, Bombardino, Arpa, Violín Tradicional, Trompa e Clarinete Tradicional).
- **Práctica de Danza:** Danza clásica e contemporánea.
- **Formación complementaria:** Linguaxe musical, Educación Auditiva, Historia da Música, Organoloxía, Historia da Música Tradicional, audicións comentadas, armonía e análise e arranxos.
- **Actividades de conxunto:** Conxunto Tradicional, Combo, Orquestra, Banda, Coro de Nenos/as, Coro Adultos.

Horario de funcionamento:

De 11,00 h. a 14,00 horas

De 16,00 h. a 22,00 horas